

ACELERADORA #Impulsocooperativo

[Encontros]

[Actividade realizada no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social - POISES- e da REDE EUSUMO]

DATA	Luns 20 de Setembro de 2021	DURACIÓN	2 horas
HORARIO	10:00 – 14:00 horas		
LUGAR	Encontro en formato On-line – Aula Virtual EspazoCoop		
PERSOA DE CONTACTO	Tino Gago conde (Técnico da Unión de Cooperativas EspazoCoop)	TELÉFONO	881 887 456
		E-MAIL	tino@espazo.coop

FINALIDADE // OBXECTIVOS

Desenvolver un encontro no marco do programa de aceleración de proxectos cooperativos #impulsocooperativo que permitan o coñecemento e intercambio de ferramentas e recursos de interese no ámbito dixital e da xestión, ao tempo que facer comunidade promovendo o coñecemento mutuo. Se tratará de:

- Dar a coñecer as principais ferramentas de xestión dixital que poden servir de apoio ás cooperativas participantes no seu día a día.
- Fomentar as redes de colaboración e coñecemento mutuo aproveitando a participación no programa de aceleración.
- Estimular o debate e a participación sobre necesidades e problemáticas comúns.

PROGRAMA // CONTIDOS

- 12:00h. - Benvinda das persoas e entidades participantes.
- 12:15h. - Dinámica e presentación de Ferramentas Dixitais para a xestión na cooperativa.
- 13:45h. - Consultas, dúbidas, comentarios.
- 14:00h. - Peche do Encontro.

No marco do programa de aceleración de proxectos cooperativos #impulsocooperativo que facilitan a presenza virtual das persoas e entidades, ESPAZOCOOP levará a cabo este Encontro para fomentar o coñecemento de ferramentas dixitais de interese no ámbito da xestión.

Trala realización do encontro enviarase unha pequena enquisa de avaliación na que tamén se recollerán outras propostas de traballo para vindeiros encontros.

METODOLOXÍA

Os Encontros Telemáticos desenvolveranse cunha metodoloxía activa e participativa, que facilita o interese, a atención e o intercambio entre as persoas asistentes. Utilízanse medios audiovisuais (presentación, vídeos, enlaces webs, etc.) e realízanse actividades dinámicas de reflexión e debate, promovendo a implementación das aprendizaxes e experiencias vivenciadas na sesión.

Neste Encontro, animaremos á cada cooperativa participante a socializar información sobre a súa experiencia no Programa #SaimosCooperando 2021, que poida ser de axuda para os procesos de mellora ás restantes asistentes a esta actividade, sen prexuízo, da recollida de información relevante por parte de ESPAZOCOOP, para a organización de futuras edicións do Programa.

Abrirase un espazo para formular preguntas e intercambio de comentarios sobre as experiencias presentadas, e tirar conclusións que poidan ser de utilidade para a consecución dos obxectivos do Programa.

Dinamizará o Encontro a equipa técnica da Unión de Cooperativas EspazoCoop.

DIRIXIDO A

Cooperativas socias de EspazoCoop beneficiarias do Programa de forma preferente.



Esta actividade enmárcase:

- na Programación 2021 da Rede Eusumo. A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Secretaría Xeral de Emprego da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo e Economía Social do Goberno de España.
- no Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social (POISES) 2014-2020 OT 8: conseguir formación e emprego de calidade, convocado por Cepes e financiado polo FSE.